| CONCEPTOS                                                | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS NETOS | OBRIGACIÓNS<br>RECOÑECIDAS NETAS | DIFERENZA             |
|----------------------------------------------------------|-------------------------------|----------------------------------|-----------------------|
| a) Operacións correntes                                  | 243.449.044,42                | 160.932.557,99                   | <b>82.516.486,43</b>  |
| b) Operacións de capital                                 | 134.472,85                    | 63.390.492,38                    | <b>-63.256.019,53</b> |
| <b>1. Total Operacións Non Financeiras (a+b)</b>         | <b>243.583.517,27</b>         | <b>224.323.050,37</b>            | <b>19.260.466,90</b>  |
| c) Activos financeiros                                   | 530.656,62                    | 5.024.781,89                     | <b>-4.494.125,27</b>  |
| d) Pasivos financeiros                                   | 0,00                          | 0,00                             | <b>0,00</b>           |
| <b>2. Total Operacións Financeiras (c+d)</b>             | <b>530.656,62</b>             | <b>5.024.781,89</b>              | <b>-4.494.125,27</b>  |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO INICIAL DO EXERCICIO (1+2)</b> | <b>244.114.173,89</b>         | <b>229.347.832,26</b>            | <b>14.766.341,63</b>  |

#### 4.2.- AXUSTES NO RESULTADO ORZAMENTARIO.

O artigo 97 do R.D. 500/1990 e a Norma 10º de elaboración das contas anuais, contida na terceira parte do anexo da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, establecen unha serie de axustes a realizar no Resultado Orzamentario, axustes que se concretan en dúas causas diferentes:

- ✓ Gastos financiados con Remanente de Tesourería para gastos xerais
- ✓ Desviacións de financiamento en gastos con financiamento afectado

A continuación pasamos a detallar os axustes a realizar no Resultado Orzamentario do Exercicio 2022.

##### 4.2.1.- GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA.

Cando durante o exercicio se levan a cabo modificacións ao Orzamento de Gastos que se financian con Remanente de Tesourería para gastos xerais, prodúcese un axuste no Resultado Orzamentario polo importe das Obrigacións Recoñecidas con base nese financiamento. (Norma 10º de elaboración das contas anuais, contida na Terceira parte do anexo da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local).

Quedan excluídas deste Axuste as obrigacións financiadas con Remanente de Tesourería afectado, ao obxecto de evitar duplicidades entre o axuste por desviacións de financiamento e o relativo Remanente de Tesourería.

A teor dos datos achegados pola aplicación informático-contable, e do tratamento desta por bolsas de vinculación, temos que o total de obrigacións recoñecidas que se considera que se financiaron con Remanente de Tesourería para gastos xerais de 2022, ascendeu a **48.093.320,69** € (ver anexo N.1 de detalle ao presente informe)

#### 4.2.2.- DESVIACIÓN DE FINANCIAMIENTO EN GASTOS CON FINANCIAMIENTO AFECTADO

As desviacións de financiamento dun exercicio orzamentario, poden definirse como aquelas que se producen cando a execución de gastos que se financian total ou parcialmente con achegas ou ingresos concretos non se produza de forma compasada á realización dos ingresos afectados aos devanditos gastos.

As ditas desviacións poderán ser positivas ou negativas segundo que os ingresos realizados superen aos que se deberían producir en función do gasto realmente realizado, ou viceversa, influíndo no Resultado Orzamentario do modo que se verá máis adiante

Matematicamente as desviacións de financiamento exprésanse baixo a seguinte fórmula:

$$D_F = D - (C_F \times O_u)$$

Onde

$D_F$  = Desviación de Financiamiento

$D$  = Dereitos Recoñecidos Netos vinculados aos gastos

$$C_F = \frac{\text{Importe dos ingresos previstos afectados}}{\text{Custo total que financian}}$$

$O$  = Obrigacións Recoñecidas Netas

O termo expresado anteriormente, refírese, en todo caso, ao "de desviación de financiamento acumulado", é dicir, referida á totalidade do realizado para un gasto con financiamento afectado, desde o seu inicio ata o final dun determinado exercicio orzamentario.

Non obstante o anterior, debe terse en conta que as desviacións de financiamento que deben axustar o Resultado Orzamentario, son as imputables ao exercicio, é dicir, as que se produciron na Execución do Orzamento que se vai Liquidar, e que se obterán tomando en consideración o coeficiente de financiamento parcial para cada axente financiador e para cada concepto de ingresos, e o importe das obrigacións e os dereitos recoñecidos relativos ao axente e concepto de que se trate, referidos unhas e outros ao exercicio orzamentario (Norma 10º de elaboración das contas anuais e apartado 24.5 da Memoria da Conta Xeral da ICAL/13)

Centrándonos nos Proxectos de Gasto con financiamento afectado executados pola Deputación no Exercicio 2022 e obtidas para cada un destes as desviacións de financiamento imputables ao Exercicio, temos o resumo expresado a continuación:

CADRO N.23: RESUMO DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO EXERCICIO 2022

| ANO PROXECTO | DESVIACIÓNS EXERCICIO 2022 |                   |
|--------------|----------------------------|-------------------|
|              | POSITIVAS                  | NEGATIVAS         |
| 2005         |                            | 474,01            |
| 2006         |                            | 420,00            |
| 2018         |                            | 18.947,40         |
| 2019         | 14.849,05                  | 547.732,77        |
| 2020         |                            | 1.335,59          |
| 2021         | 190.721,20                 |                   |
| 2022         |                            | 140.847,47        |
| <b>TOTAL</b> | <b>205.570,25</b>          | <b>709.757,24</b> |

## 4.2.3.- RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO

Da conxunción dos datos expresados nos apartados anteriores obtemos o Resultado Orzamentario axustado:

CADRO N.24: RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2022

| CONCEPTO                                                                        | DEREITOS<br>RECOÑECIDOS NETOS | OBRIGACIÓNS<br>RECOÑECIDAS NETAS | AXUSTES              | RESULTADO<br>ORZAMENTARIO |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|----------------------------------|----------------------|---------------------------|
| a. Operacións correntes                                                         | 243.449.044,42                | 160.932.557,99                   |                      | 82.516.486,43             |
| b. Operacións de capital                                                        | 134.472,85                    | 63.390.492,38                    |                      | -63.256.019,53            |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b)                                       | 243.583.517,27                | 224.323.050,37                   |                      | 19.260.466,90             |
| c. Activos financeiros                                                          | 530.656,62                    | 5.024.781,89                     |                      | -4.494.125,27             |
| d. Pasivos financeiros                                                          | 0,00                          | 0,00                             |                      | 0,00                      |
| 2 . Total operacións financeiras (c+d)                                          | 530.656,62                    | 5.024.781,89                     |                      | -4.494.125,27             |
| <b>I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)</b>                              | <b>244.114.173,89</b>         | <b>229.347.832,26</b>            |                      | <b>14.766.341,63</b>      |
| <b>AXUSTES</b>                                                                  |                               |                                  |                      |                           |
| 3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais |                               |                                  | 48.093.320,69        |                           |
| 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio                          |                               |                                  | 709.757,24           |                           |
| 5. Desviacións de financiamento positivos do exercicio                          |                               |                                  | 205.570,25           |                           |
| <b>II. TOTAL AXUSTES (3+4-5)</b>                                                |                               |                                  | <b>48.597.507,68</b> |                           |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>                                   |                               |                                  |                      | <b>63.363.849,31</b>      |

## **5.- REMANENTES DE CRÉDITO**

### **5.1.- DETERMINACIÓN DOS REMANENTES DE CRÉDITO TOTAIS A 31/12/2022**

A teor do establecido no artigo 98 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, os Remanentes de Crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de Obrigações recoñecidas.

Con base no anterior, a 31 de decembro de 2022 o total de créditos non gastados durante o Exercicio orzamentario ascenden a 299.557.119,34 €, dos cales:

|                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| - Remanentes comprometidos     | 124.031.310,70 € |
| - Remanentes non comprometidos | 175.525.808,64 € |

No cadro que vén a continuación, exprésase a situación destes a 31/12/2022, por fases contables e capítulos:

CADRO N.25: REMANENTES DE CRÉDITO A 31/12/2022. SITUACIÓN POR FASES CONTABLES

| CAPITULOS     | CREDITO<br>DISPONIBLE | CREDITO<br>RETIDO    | GASTOS<br>AUTORIZADOS | GASTOS<br>COMPROMETIDOS | TOTAL                 |
|---------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|-------------------------|-----------------------|
| CAP. 1        | 1.958.571,18          | 49.877,51            |                       | 844,03                  | <b>2.009.292,72</b>   |
| CAP. 2        | 5.307.952,17          | 6.077.062,24         | 2.377.420,11          | 12.169.048,20           | <b>25.931.482,72</b>  |
| CAP. 3        | 167.537,43            | 32.157,18            |                       |                         | <b>199.694,61</b>     |
| CAP. 4        | 3.880.681,14          | 2.575.826,40         | 3.089.518,40          | 37.611.594,66           | <b>47.157.620,60</b>  |
| CAP.5         | 3.780.000,00          |                      |                       |                         | <b>3.780.000,00</b>   |
| CAP. 6        | 5.346.861,30          | 20.273.239,62        | 6.755.888,33          | 20.959.540,04           | <b>53.335.529,29</b>  |
| CAP. 7        | 12.096.927,86         | 25.579.510,22        | 71.992.196,63         | 50.700.743,20           | <b>160.369.377,91</b> |
| CAP. 8        | 1.811.531,28          | 177.437,87           | 2.195.611,77          | 2.589.540,57            | <b>6.774.121,49</b>   |
| CAP. 9        |                       |                      |                       |                         |                       |
| <b>TOTAIS</b> | <b>34.350.062,36</b>  | <b>54.765.111,04</b> | <b>86.410.635,24</b>  | <b>124.031.310,70</b>   | <b>299.557.119,34</b> |

Os remanentes anteriores deberán ser obxecto da correspondente cualificación, para poder determinar a súa clasificación en:

- Remanentes de Incorporación Obrigatoria.
- Remanentes de Incorporación Voluntaria.
- Remanentes non incorporables.

Nas epígrafes que se inclúen a continuación detállanse os datos de cualificación extraídos da información en táboas do aplicativo informático contable.

## 5.2.- REMANENTES DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA

Dentro dos remanentes de crédito que resultan a 31-12, convén concretar os que son, pola súa natureza, de Incorporación Obrigatoria, e que se corresponden con gastos afectados a ingresos finalistas, xa que serán os primeiros que terán que retomarse no exercicio seguinte a condición de que non se desista da execución do gasto e exista suficiente financiamento.

Dos datos obtidos da Liquidación de 2022 e das aplicacións informáticas de contabilidade e plans, o total de remanentes de incorporación obrigatoria ascenden a 14.022.125,94 €, sendo o seu detalle por capítulos e por fases contables, o seguinte:

**CADRO N.26: REMANENTES DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA. EXERCICIO 2022. POR CAPÍTULO**

| CAPITULOS    | FASES CONTABLES    |                     |                     |                      |                      |
|--------------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|----------------------|
|              | CRÉDITO DISPONIBLE | CRÉDITOS RETIDOS    | GASTOS AUTORIZADOS  | GASTOS COMPROMETIDOS | TOTAL                |
| CAP. 1       |                    | 38.952,00           |                     |                      | <b>38.952,00</b>     |
| CAP. 2       |                    | 2.128.201,47        | 49.921,55           | 2.721.500,68         | <b>4.899.623,70</b>  |
| CAP. 3       |                    |                     |                     |                      |                      |
| CAP. 4       |                    | 273.505,75          | 1.339.032,21        |                      | <b>1.612.537,96</b>  |
| CAP. 5       |                    |                     |                     |                      |                      |
| CAP. 6       |                    | 6.719.010,40        |                     | 752.001,88           | <b>7.471.012,28</b>  |
| CAP. 7       |                    |                     |                     |                      |                      |
| CAP. 8       |                    |                     |                     |                      |                      |
| CAP. 9       |                    |                     |                     |                      |                      |
| <b>TOTAL</b> | <b>0,00</b>        | <b>9.159.669,62</b> | <b>1.388.953,76</b> | <b>3.473.502,56</b>  | <b>14.022.125,94</b> |

Para a incorporación obrigatoria destes remanentes de crédito cóntase coas seguintes fontes de financiamento:

**CADRO N.27: FINANCIAMENTO REMANENTES DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA**

| IMPORTE REMANENTES DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA | FINANCIAMENTO |                                              |                   |
|-------------------------------------------------|---------------|----------------------------------------------|-------------------|
|                                                 | RTGFA         | COMPROMISOS INGRESO AFECTADOS NON REALIZADOS | OUTRAS FONTES (*) |
| 14.022.125,94                                   | 135.039,31    | 13.256.797,68                                | 630.288,95        |

*\* Seguindo a prelación de fontes de financiamento establecido pola normativa reguladora, teríamos que utilizar Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, cuxo cálculo se indica no apartado seguinte*

### 5.3.- REMANENTES DE INCORPORACIÓN VOLUNTARIA

De conformidade cos datos obtidos ata a data, os remanentes de incorporación voluntaria do exercicio 2022 ascenden a 191.084.974,70 € de conformidade co detalle que se mostra a continuación:

CADRO N.28: REMANENTES DE INCORPORACIÓN VOLUNTARIA. EJERCICIO 2022

| CAPÍTULOS    | CRÉDITO<br>DISPONIBLE | CRÉDITO<br>RETIDO    | GASTOS<br>AUTORIZADOS | GASTOS<br>COMPROMETIDOS | TOTAL                 |
|--------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|-------------------------|-----------------------|
| CAP. 1       | 91.395,31             |                      |                       | 844,03                  | <b>92.239,34</b>      |
| CAP. 2       | 479.213,93            | 1.524.273,96         | 15.650,94             | 8.683.164,11            | <b>10.702.302,94</b>  |
| CAP. 3       |                       |                      |                       |                         | <b>0,00</b>           |
| CAP. 4       | 0,03                  | 73.000,00            | 19.500,00             | 35.229.690,85           | <b>35.322.190,88</b>  |
| CAP.5        |                       |                      |                       |                         | <b>0,00</b>           |
| CAP. 6       | 5.269.886,70          | 9.462.741,42         | 3.770.965,41          | 12.133.523,33           | <b>30.637.116,86</b>  |
| CAP. 7       | 8.453.006,99          | 24.000.243,65        | 54.632.233,51         | 22.448.459,21           | <b>109.533.943,36</b> |
| CAP. 8       | 1.466.891,69          |                      | 1.552.310,86          | 1.777.978,77            | <b>4.797.181,32</b>   |
| CAP.9        |                       |                      |                       |                         | <b>0,00</b>           |
| <b>TOTAL</b> | <b>15.760.394,65</b>  | <b>35.060.259,03</b> | <b>59.990.660,72</b>  | <b>80.273.660,30</b>    | <b>191.084.974,70</b> |

### 5.4.- REMANENTES DE CRÉDITO NON INCORPORABLES

Por último os remanentes non incorporables do exercicio 2022 ascenden a 94.450.018,70 € sendo o seu detalle por capítulos e fases contables o que se mostra a continuación:

CUADRO N.29: REMANENTES DE CRÉDITO NO INCORPORABLES. EJERCICIO 2022

| CAPÍTULOS    | CRÉDITO<br>DISPONIBLE | CRÉDITO<br>RETENIDO  | GASTOS<br>AUTORIZADOS | GASTOS<br>COMPROMETIDOS | TOTAL                |
|--------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|-------------------------|----------------------|
| CAP. 1       | 1.867.175,87          | 10.925,51            |                       |                         | <b>1.878.101,38</b>  |
| CAP. 2       | 4.828.738,24          | 2.424.586,81         | 2.311.847,62          | 764.383,41              | <b>10.329.556,08</b> |
| CAP. 3       | 167.537,43            | 32.157,18            |                       |                         | <b>199.694,61</b>    |
| CAP. 4       | 3.880.681,11          | 2.229.320,65         | 1.730.986,19          | 2.381.903,81            | <b>10.222.891,76</b> |
| CAP. 5       | 3.780.000,00          |                      |                       |                         | <b>3.780.000,00</b>  |
| CAP. 6       | 76.974,60             | 4.091.487,80         | 2.984.922,92          | 8.074.014,83            | <b>15.227.400,15</b> |
| CAP. 7       | 3.643.920,87          | 1.579.266,57         | 17.359.963,12         | 28.252.283,99           | <b>50.835.434,55</b> |
| CAP. 8       | 344.639,59            | 177.437,87           | 643.300,91            | 811.561,80              | <b>1.976.940,17</b>  |
| CAP. 9       |                       |                      |                       |                         |                      |
| <b>TOTAL</b> | <b>18.589.667,71</b>  | <b>10.545.182,39</b> | <b>25.031.020,76</b>  | <b>40.284.147,84</b>    | <b>94.450.018,70</b> |

## **6.- REMANENTE DE TESOURERÍA**

### **6.1.- DELIMITACIÓN E CÁLCULO DO REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL**

O Remanente de Tesourería está regulado no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 101 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, e na Norma 11º de elaboración das contas anuais, contida na terceira parte do anexo da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Utilizando unha expresión matemática, o Remanente de Tesourería concrétese na seguinte fórmula:

$$RT = FL + SD - SO \pm PPA$$

Onde:

RT = Remanente de Tesourería

FL = Fondos Líquidos

SD = Dereitos Pendentes de Cobranza.

SO = Obrigacións Pendentes de Pago

PPA = Partidas Pendentes de Aplicación

#### **6.1.1.- FONDOS LÍQUIDOS.**

Na cuantificación do Remanente de Tesourería inclúense os fondos líquidos a 31/12/2022. Os devanditos fondos líquidos están conformados ademais de polos saldos dispoñibles en Contas Bancarias e Caixa de Efectivo, por aqueles procedentes de excedentes temporais de Tesourería que se materializaran en investimentos que reúnan suficiente grao de liquidez.

No caso concreto da Deputación, a 31/12/2022 non existe ningún saldo procedente de excedentes temporais de Tesourería segundo a definición dada anteriormente, xa que os devanditos excedentes colocáronse en contas financeiras tras o oportuno expediente tramitado pola Tesourería provincial. Por tal motivo os fondos líquidos, limítanse aos Saldos de Caixa e Bancos de acordo co resumo indicado no seguinte cadro:

**CADRO N.30: FONDOS LÍQUIDOS A 31/12/2022**

|                                                   |                       |
|---------------------------------------------------|-----------------------|
| 1.- En Caixa                                      |                       |
| 2.- En Bancos. Contas Operativas.                 | 269.264.553,27        |
| 3.- En Bancos. Contas Restrinxidas                | 5.703.538,91          |
| 4.- En Bancos. Contas Financeiras                 | 60.000.000,00         |
| <b>TOTAL FONDOS LÍQUIDOS (FL) (1 + 2 + 3 + 4)</b> | <b>334.968.092,18</b> |



#### 6.1.2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA.

O seu importe obterase de:

- a) O importe total dos Dereitos pendentes de Cobranza do Orzamento Corrente.
- b) O importe total dos Dereitos pendentes de Cobranza de Orzamentos Cerrados.
- c) O importe total dos Dereitos pendentes de Cobranza de operacións non orzamentarias (inclúe todos os datos pendentes de cobranza de contas debedoras que non son orzamentarias e tampouco o serán no momento do seu vencemento).

Traducindo o anteriormente exposto a cifras referidas a Execución do Orzamento 2022, obtemos os datos expresados no cadro seguinte:

CADRO N. 31: CUANTIFICACIÓN DEREITOS PENDENTES COBRANZA A 31/12/2022

|                                                              |                       |
|--------------------------------------------------------------|-----------------------|
| 1.- De Orzamento de Ingresos. Orzamento Corrente             | 16.341.553,25         |
| 2.- De Orzamento de Ingresos. Orzamentos Cerrados            | 3.403.632,80          |
| 3.- Operacións non Orzamentarias                             | 169.082.496,23        |
| <b>TOTAL DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA (SD) (1 + 2 + 3)</b> | <b>188.827.682,28</b> |

#### 6.1.3.- OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO.

O seu importe obterase de:

- a) A suma dos saldos de Obrigacións e Pagos Ordenados para o total do Orzamento Corrente.
- b) A suma dos saldos de Obrigacións e Pagos Ordenados para o total da Agrupación de Orzamentos Cerrados.
- c) O importe total das Obrigacións pendentes de Pago de operacións non orzamentarias (inclúe todos os datos pendentes de pago de contas acreedoras que non son orzamentarias e tampouco o serán no momento do seu vencemento).

Traducindo o anteriormente exposto a cifras referidas a Execución do Orzamento 2022, obtemos os datos expresados no cadro seguinte:

CADRO N.32: CUANTIFICACIÓN OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2022

|                                                         |                       |
|---------------------------------------------------------|-----------------------|
| 1.- De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente          | 2.098.268,37          |
| 2.- De Orzamento de Gastos. Orzamentos Cerrados         | 274.272,91            |
| 3.- Doutras Operacións non Orzamentarias.               | 188.578.474,72        |
| <b>TOTAL OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO (SO) (1+2+3)</b> | <b>190.951.016,00</b> |

#### 6.1.4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN

O seu importe obterase de:

- a) A suma das cobranzas realizados pendentes de aplicación definitiva.
- b) A suma dos pagos realizados pendentes de aplicación definitiva.

Traducindo o anteriormente exposto a cifras referidas a Execución do Orzamento 2022, obtemos os datos expresados no cadro seguinte:

| CUANTIFICACIÓN PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN A 31/12/2022   |                    |
|----------------------------------------------------------------|--------------------|
| 1. (-) cobranzas realizados pendentes de aplicación definitiva | 102.611,46         |
| 2. (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva     | 17,80              |
| <b>TOTAL PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN (PPA) (-1+2)</b>     | <b>-102.593,66</b> |

#### 6.1.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL.

Aplicando os datos anteriores á fórmula de cálculo determinada ao principio do punto 6, obtemos:

FL = 334.968.092,18 €

SD = 188.827.682,28 €

SO = 190.951.016,00 €

PPA= - 102.593,66 €

Onde

RTT = 332.742.164,80 €

#### 6.2.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

A teor do establecido na Norma 11º de elaboración das contas anuais, contida na terceira parte do anexo da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (Apartado 24.6.6 e 24.6.7), para obter o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais, deberase minorar o Remanente de tesourería total nas seguintes cantidades:

- Dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación
- Excesos de financiamento afectada producidos

##### 6.2.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN

O importe dos dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación vén dado pola parte do saldo da conta 490 “Deterioración de valor de créditos. Operacións de xestión.”, que corresponda a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de tesourería, que no noso caso coincide coa totalidade do importe do saldo citado, que ascende a 3.426.289,77 €.

Os criterios aplicados pola Deputación para a obtención da cifra anterior baséanse nas seguintes normas:

Artigos 191.2 e 193 bis (engadido polo artigo 2 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL)) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; artigo 103 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril; apartados 24.6.6 e 7 do contido da Memoria das contas anuais e apartado 3º de principios contables do marco conceptual da contabilidade pública da Instrución do modelo normal de Contabilidade local (ICAL), aprobado pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro; e a número 40ª, apartado terceiro das Bases de Execución do Orzamento de 2022 (BEP); e Real decreto legislativo número 1/2020 do 5 de maio, Texto refundido da Lei Concursal (TRLC)

Así, consideráronse como dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación para este exercicio 2022, segundo anexo do informe emitido pola Vice-intervención do 10/01/2023:

- a) os dereitos recoñecidos por recursos propios recolleitos nos capítulos I e III do estado de ingresos que teñan unha antigüidade superior a un ano: 1.263.678,50 €.
- b) os dereitos recoñecidos por transferencias de capital nos que o acto administrativo de recoñecemento e liquidación do dereito produciuse en exercicios anteriores a aquel que é obxecto de liquidación: 222.307,68 €.
- c) os debedores por conceptos non orzamentarios nos que transcorra máis dun ano desde a acreditación das circunstancias que habilitan á Deputación para a realización material do dereito pendente de cobranza: 22.656,97 €
- d) a totalidade do capítulo 6 por importe de 1.917.646,62 €, entre os que destacan os dereitos recoñecidos do concepto 600, por non concluír a execución da sentenza 527/96, auto 88/12, por importe de 1.593.905,48 €.

**Nota:** Non se inclúen dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación, nos que lle consta á Deputación que o debedor se atopa nalguna das situacións recollidas no Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Concursal por non dispoñer de datos a esta data.

#### 6.2.2.- EXCESOS DE FINANCIAMENTO AFECTADO

Os excesos de financiamento afectado están constituídos pola suma das desviacións de financiamento acumuladas positivas a fin de exercicio, relativas a gastos con financiamento afectada xestionados polo suxeito contable, cuxo importe ascende a un total de 135.039,31 €.

Para o cálculo das devanditas desviacións estívoase ao disposto na Regra 29.5 e no apartado 24.5 da Memoria da Conta Xeral da ICAL/13, na interpretación que destes preceptos manifestou a Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### 6.2.3.- CUANTIFICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

A fórmula para a cuantificación do Remanente de Tesourería para gastos xerais será:

$$RTGG = RTT - DDC - DF$$

Onde,

RTGG = Remanente de tesourería para Gastos Xerais

RTT = Remanente de Tesourería Total

DDC = Debedores de difícil ou imposible Recadación

DF = Desviacións acumuladas positivas de proxectos afectados

Aplicando a fórmula anterior aos datos obtidos da liquidación 2022, temos:

$$RTGG = 332.742.164,80 - 3.426.289,77 - 135.039,31 = 329.180.835,72$$

### 6.3.- ESTADO COMPARATIVO DA REMANENTE TESOURERÍA PERÍODO 2019-2022

No seguinte cadro N.33, detállase a evolución dos distintos compoñentes do Remanente de Tesourería no período 2019/2022:

CADRO N.33: EVOLUCIÓN COMPOÑENTES REMANENTE DE TESOURERÍA

|                                                                       | 31/12/2022            | 31/12/2021            | 31/12/2020            | 31/12/2019            |
|-----------------------------------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| <b>1. Fondos Líquidos</b>                                             | <b>334.968.092,18</b> | <b>320.241.418,62</b> | <b>328.971.619,49</b> | <b>318.592.476,44</b> |
| + En Caixa                                                            |                       |                       |                       | 16.158,45             |
| + En Bancos. Contas Operativas.                                       | 269.264.553,27        | 244.652.835,41        | 243.692.963,20        | 283.133.868,65        |
| + En Bancos. Contas Restrinxidas                                      | 5.703.538,91          | 5.588.583,21          | 5.278.656,29          | 5.442.449,34          |
| + En Bancos. Contas financeiras                                       | 60.000.000,00         | 70.000.000,00         | 80.000.000,00         | 30.000.000,00         |
| <b>2. Dereitos Pendentes de cobranza</b>                              | <b>188.827.682,28</b> | <b>184.681.406,41</b> | <b>181.176.501,49</b> | <b>184.877.315,83</b> |
| + Orzamento Corrente                                                  | 16.341.553,25         | 16.205.067,81         | 16.171.558,49         | 19.138.741,10         |
| + Orzamentos Cerrados                                                 | 3.403.632,80          | 3.830.350,29          | 4.001.924,82          | 4.339.372,03          |
| + Outras Operacións non Orzamentarias                                 | 169.082.496,23        | 164.645.988,31        | 161.003.018,18        | 161.399.202,70        |
| <b>3. Obrigacións Pendentes de Pago</b>                               | <b>190.951.016,00</b> | <b>186.485.385,41</b> | <b>185.983.302,65</b> | <b>180.687.372,19</b> |
| + Orzamento Corrente                                                  | 2.098.268,37          | 2.109.497,96          | 373.348,81            | 2.643.642,36          |
| + Orzamentos Cerrados                                                 | 274.272,91            | 368.127,78            | 349.154,52            | 490.729,66            |
| + Outras Operacións non Orzamentarias                                 | 188.578.474,72        | 184.007.759,67        | 185.260.799,32        | 177.553.000,17        |
| <b>4. Partidas Pendentes de Aplicación</b>                            | <b>-102.593,66</b>    | <b>-108.518,97</b>    | <b>-109.431,99</b>    | <b>-108.668,26</b>    |
| - cobranzas realizadas pendentes de aplicación definitiva             | 102.611,46            | 110.111,30            | 113.849,63            | 114.006,93            |
| + pagos realizados pendentes de aplicación definitiva                 | 17,80                 | 1.592,33              | 4.417,64              | 5.338,67              |
| <b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL(1+2-3+4)</b>                      | <b>332.742.164,80</b> | <b>318.328.920,65</b> | <b>324.055.386,34</b> | <b>322.673.751,82</b> |
| II. Saldos de dubidosa cobranza                                       | 3.426.289,77          | 3.854.412,69          | 4.025.987,22          | 4.363.434,43          |
| III. Exceso de financiamento afectado                                 | 135.039,31            | 111.680,39            | 106.013,88            | 92.350,62             |
| <b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ( I- II - III )</b> | <b>329.180.835,72</b> | <b>314.362.827,57</b> | <b>319.923.385,24</b> | <b>318.217.966,77</b> |

#### 6.4.- APLICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

Tal e como se indicou nos apartados anteriores, do total do R.T.G.G., que ascende a 329.180.835,72 €, teñen que destinarse a completar o financiamento da Incorporación de Remanentes de Crédito relativos a proxectos de gasto afectados 630.288,95 €

Así e de conformidade co establecido no artigo 182 do Texto refundido da lei reguladora facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, relativa á incorporación de Remanentes de crédito, nas súas normas de desenvolvemento e na Base 40ª de Execución do Orzamento Provincial, o Remanente de Tesourería para gastos xerais, do Exercicio 2022 pode aplicarse ás finalidades que, pola orde en que se indica e polos seus importes máximos, a continuación detállanse:

|                                                                                                                                                                 |                                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|
| 1.- Financiamento complementario para incorporación de Remanentes de incorporación obrigatoria                                                                  | 630.288,95                         |
| 2.- Incorporación de Remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2022                                                                                   | 80.273.660,30                      |
| 3.- Remanentes de Crédito producidos durante 2022 que quedando en fase "A" teñan carácter incorporable                                                          | 59.990.660,72                      |
| 4.- Incorporación de Remanentes relativos a Gastos en fase "RC" de 2022 con carácter incorporable                                                               | 35.060.259,03                      |
| 5.- Reserva Remanente para financiamento de Compromisos de Gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-22, non incorporables e pendentes de execución       | 40.284.147,84                      |
| 6.- Reserva Remanente para financiamento de Autorizacións de gasto adquiridas no ano 2022 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer | 25.031.020,76                      |
| 7.- Reserva Remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2022 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar             | 10.545.182,39                      |
| 8.- Importe do Superávit orzamentario por operacións non financeiras (Art. 32 L.O. 2/2012)                                                                      | 30.081.175,35                      |
| 9.- Remanente de TESOURERÍA RESTANTE                                                                                                                            | 47.284.440,38                      |
|                                                                                                                                                                 | <b><u>TOTAL 329.180.835,72</u></b> |

*(\*)O devandito importe poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados*

Entre os remanentes de crédito recollidos no cadro anterior figuran os atribuíbles a “Investimentos Financeiramente Sustentables” (IFS), aos que resulta de aplicación o establecido na Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que no seu apartado 5 segundo a redacción dada a este precepto pola Disposición final primeira da Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, establece o seguinte: “A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación local antes da finalización do

*exercicio de aplicación da Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2015.*

Tamén se refire aos “Investimentos Financeiramente Sustentables” (IFS) a Disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, que baixo o título de “Destino do Superávit das entidades locais correspondente a 2015”, establece o seguinte: *“En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2015 prorrógase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para os efectos do apartado 5 da última disposición citada as referencias aos anos 2014 e 2015, deberán entenderse a 2016 e 2017, respectivamente”.*

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos xerais do estado para o ano 2017 refírese ao "destino do superávit do ano 2016" na súa Disposición adicional nonaxésima sexta nos seguintes termos: *"En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2016, prorrógase para 2017 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para os efectos do apartado 5 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2017, a parte restante do gasto autorizado en 2017 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2018."*

O Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, prorroga para o ano 2018 o destino do superávit das corporacións locais do ano 2017 para investimentos financeiramente sustentables e modifica o ámbito obxectivo destes.

O Real decreto lei 10/2019, do 29 de marzo, tamén prorroga para o ano 2019 o destino do superávit para investimentos financeiramente sustentables.

No exercicio 2020 aprobáronse distintas normas para a aplicación parcial do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2019:

- O artigo 3 da Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, permitiu destinar parte do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2019 a financiar “gasto social”, co límite global para todas as Entidades Locais.
- O artigo 20 da Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, individualizou o límite global para cada Entidade Local no 20% do superávit de operacións non financeiras..
- O artigo 6 da Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, permitiu destinar ata o 7% do superávit de operacións non financeiras a gastos de investimento en vehículos non contaminantes e en infraestruturas de recarga.

Posteriormente adoptáronse distintos Acordos en diferentes Institucións Europeas que deron lugar a Acordos do Consello de Ministros e do Congreso dos Deputados polos que se aprecia que España está a sufrir unha pandemia que impón unha situación de emerxencia extraordinaria para os efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e, en consecuencia, suspendíase a aplicación das “regras fiscais” nos exercicios 2020, 2021 e 2022.

A Deputación provincial da Coruña financiou co superávit de operacións non financeiras do exercicio 2013 o Plan denominado “Unha Deputación para todos os Concellos: DTC-93”, a través dos Expedientes de Modificación de Créditos números 3 e 4/2014, de competencia do Pleno, cunha dotación acumulada de 17.996.532,25 €.

Así mesmo, no exercicio 2015 aprobou mediante o Expediente de Modificación de Créditos N. 4/2015, tamén de competencia do Pleno, o “Plan de Acción Social: PAS-2015” financiado co superávit de operacións non financeiras do exercicio 2014, cunha dotación de 33.000.000,00 €.

No exercicio 2016, a través do Expediente de Modificación de Créditos N. 4/2016, o Pleno aprobou o Plan de Obras e Servizos 2017 que inclúe unha dotación de 20.000.000,00 € financiados con parte do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2015.

No exercicio 2017 deuse aplicación parcial ao superávit de operacións non financeiras do exercicio 2016 a través do Expediente Modificación de Créditos número 4/2017, por un importe total de 42.000.000,00 € coa seguinte desagregación:

- POS + 2017 Adicional: 16.000.000, 00 €
- POS + 2018 Anticipado: 26.000.000,00 €

No exercicio 2018 o destino do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2017 aplicouse nos Expedientes de modificación de créditos de competencia do Pleno números 2, 3,4 e 5 tramitados no ano 2018.

No exercicio 2019 o destino do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2018 aplicouse a financiar os investimentos financeiramente sustentables que se incluíron nos Expedientes de Modificación de Créditos tramitados no exercicio 2019 de competencia do Pleno números 1, 2 e 4.

No exercicio 2020 autorizouse destinar 4.000.000 de euros a gasto social municipal a través dunha liña especial do Plan Único de Obras e Servizos POS+2020. Para tal fin habilitouse o crédito orzamentario oportuno a través do Expediente de Modificación de Créditos de competencia do Pleno nº 2/2020. Ao 31 de decembro o importe total de “obligacións recoñecidas” por este concepto ascendeu a 3.927.832,51 €.

Finalmente, nos exercicios 2021 e 2022 non se aplicou importe algún a investimentos que tiveran o carácter e natureza de Investimentos Financeiramente Sustentables ao non resultar de aplicación as normas sobre o destino afectado do Superávit de Operacións non Financeiras.

Para unha valoración da evolución temporal das distintas aplicacións do Remanente de Tesourería para gastos xerais expónse a continuación as súas magnitudes durante os exercicios 2019 a 2022:

| CADRO N.34: APLICACIÓN REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS |                       |                       |                       |                       |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
|                                                                   | ANO 2022              | ANO 2021              | ANO 2020              | ANO 2019              |
| <b>REMANENTE DE TESOURERÍA GASTOS XERAIS</b>                      | <b>329.180.835,72</b> | <b>314.362.827,57</b> | <b>319.923.385,24</b> | <b>318.217.966,77</b> |
| 1.- Remanente de incorporación obrigatoria                        | 630.288,95            | 1.212.297,94          | 1.603.343,62          | 1.810.865,87          |
| 2.- Remanentes relativos a gastos comprometidos                   | 80.273.660,30         | 69.212.641,13         | 66.436.686,95         | 50.178.695,80         |
| 3.- Remanentes de gastos autorizados incorporables                | 59.990.660,72         | 67.834.036,21         | 49.153.853,23         | 57.693.936,59         |
| 4.- Remanentes RC incorporables                                   | 35.060.259,03         | 37.908.572,01         | 50.090.518,83         | 37.746.575,08         |
| 5.- Reserva para D non incorporables                              | 40.284.147,84         | 30.922.098,46         | 30.076.958,47         | 39.893.526,73         |
| 6.- Reserva para A non incorporables                              | 25.031.020,76         | 20.323.346,73         | 34.720.345,46         | 27.653.885,44         |
| 7.- Reserva para RC non incorporables                             | 10.545.182,39         | 19.670.112,13         | 6.441.733,05          | 10.166.449,33         |
| 8.- Outras reservas                                               | 30.081.175,35         | 5.564.984,99          | 17.472.154,96         | 22.245.874,79         |
| <b>REMANENTE TESOURERÍA PARA NOVOS GASTOS</b>                     | <b>47.284.440,38</b>  | <b>61.714.737,97</b>  | <b>63.927.790,67</b>  | <b>36.321.571,43</b>  |

O importe relativo ao Superávit orzamentario por operacións non financeiras, que se inclúe no apartado 8.- do cadro anterior, ascende a 30.081.175,35 €. Con carácter xeral o Superávit de operacións non financeiras debe ser xestionado de acordo co establecido no artigo 32 e na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na redacción dada a estes preceptos pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que estableza unha lei e deberá terse en conta o establecido na Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola Disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, (*“Investimento Financeiramente Sustentable”*).

Non obstante, hai que indicar que os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de límite de gasto non financeiro das administracións públicas para o exercicio 2023 foron suspendidos por Acordo do Consello de Ministros do 26 de xullo de 2022 e do Congreso dos Deputados do 29 de setembro de 2022. Por tal motivo o Ministerio de Facenda e Función Pública ten manifestado que non se esixirá o cumprimento do artigo 32 da Lei orgánica de Estabilidade orzamentaria en relación co superávit de 2022 e o seu destino en 2023.



## **7.- MAGNITUDES DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

